



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

NOTA DE PRENSA

O Concello de Muxía, con motivo da conmemoración do 28 de xuño "Día da diversidade sexual", adhirese á campaña de sensibilización posta en marcha pola Deputación da Coruña: "**LIBERDADE DE SER E SENTIR!**"

Desde o Concello de Muxía apoiamos a igualdade das persoas, independentemente da súa orientación sexual e identidade de xénero, e pretendemos transmitir unha mensaxe de tolerancia e respecto.

As actividades que se levarán a cabo dentro da campaña, serán en formato dixital, por mor da situación provocada polo COVID- 19, as que se poden acceder a través da plataforma **seresentir.gal**. Dentro da programación poderán gozar da actividade **Planeta LGTB**, da man de Felipe Díaz (Caxoto), na que a través de contacontos reflexionarase sobre a riqueza da diversidade e sobre o colectivo LGTB, mentres que para a adolescencia, en colaboración con Illa Bufarda, incorporouse a **webserie S.E.X.**, un proxecto de educación sexual. Así mesmo, na programación tamén se inclúe o **concurso Balcóns da Diversidade**, co que se convida a todas aquelas persoas interesadas en participar a que envíen fotografías dos seus balcóns decorados coas bandeiras do arco da vella.

A toda esta programación hai que engadir unha serie de **palestras** centradas na diversidade sexual, para falar dos dereitos, das barreiras e das liberdades. En concreto serán catro as charlas que se emitirán dentro do programa, e xirarán arredor da diversidade sexual no deporte, na infancia, na adolescencia e no tratamento informativo e da literatura.

Participarán as seguintes persoas:

- **Visibilidade LGTBQI+ no deporte**, coa participación da Karateka Cristy Tojo e a xornalista Bárbara G. Vilariño.
- **Diversidade sexual na infancia e na adolescencia**, coa participación de Inés del Río (pediatra e forma parte do comité de bioética da Asociación Española de Pediatría), Noemí Díaz (Rede de apoio LGTBQI+ nas escolas galegas) e Enrique Latorre, filósofo e investigador da USC.
- **Tratamento informativo do colectivo LGTBQI+ nos medios de comunicación**, coa participación de Ángela Fernández (Colexio de Xornalistas de Galicia), Daniela Fernández (coordinadora do blog Corpos Incómodos) e a xornalista Bárbara G. Vilariño.
- **Literatura e diversidade sexual** con María Reimóndez (tradutora,

intérprete e escritora), Lucía Aldao (poeta e artista galega) e Martín Añel (do Club de Lectura LGTB Queeruña)

É moi importante a participación activa de toda a veciñanza, para que esta acción de sensibilización sobre a diversidade sexual axude a xerar unha sociedade máis tolerante e igualitaria. **Diversidade Sexual.**

